

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Organismo SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES

Capítulo	
Epígrafe (Para inserir no «Diario Oficial de Galicia»)	

SUMARIO:

RESOLUCIÓN do de maio de 2022, conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, pola que se adxudican as axudas da Orde do 31 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para completar a etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (códigos de procedemento ED481D e IN606C).

TEXTO

A Orde do 31 de decembro de 2021 (DOG núm. 14, do 21 de xaneiro de 2022), conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, establece as bases reguladoras e a convocatoria das axudas para completar a etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrència competitiva.

O obxecto desta convocatoria é outorgar axudas ás universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), aos organismos públicos de investigación de Galicia, ás fundacións de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Profesor Novoa Santos, Fundación Biomédica Galicia Sur), e aos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) radicados en Galicia, que contraten persoas co grao de doutor que se atopen da data de peche da convocatoria nalgún dos seguintes supostos:

a) Que estiveran contratadas na modalidade A da convocatoria de axudas posdoutorais de 2018 e que non renunciaran ao contrato.



b) Que estiveran contratadas a través da modalidade A da convocatoria de axudas posdoutorais de 2017, que tiveron unha interrupción e prórroga do contrato polas causas establecidas na lei, que finalizaron o contrato e que non se presentaron á convocatoria de axudas para completar a etapa de formación posdoutoral de 2021.

No artigo 2.1 da orde de convocatoria determínase quen pode ser beneficiario e, no artigo 2.2 os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas ás axudas.

De acordo co establecido no artigo 9 desta convocatoria, unha vez analizadas as solicitudes publicáronse as listas provisionais de solicitudes admitidas e excluídas e as entidades solicitantes tiveron un prazo de dez días naturais para formular reclamacións para emendar erros e falta de documentos das persoas interesadas ante a Secretaría Xeral de Universidades ou ante a Axencia Galega de Innovación, segundo a entidade solicitante. Unha vez que se recibiu e se examinou esta documentación, o 22 de marzo de 2022 publicouse a lista definitiva de solicitudes admitidas excluídas.

As solicitudes foron ponderadas por un equipo avaliador formado por persoas expertas de fóra do Sistema de I+D+i galego, coa colaboración da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), a partir da documentación indicada no artigo 6 da convocatoria e segundo o baremo que se indica no artigo 10.

O resultado desta avaliación entregóuselle á Comisión de Selección definida no artigo 11 da orde de convocatoria. A Comisión de Selección elaborou un informe para os órganos instrutores en que figuran as entidades beneficiarias, xunto coa prelación das persoas candidatas a seren destinatarias das axudas e, á vista de que se produce un empate na axuda número vinte entre dúas solicitudes das universidades do SUG que non se pode dirimir aplicando os criterios de desempate indicados na convocatoria, propuxo a concesión de 19 axudas e que a axuda número 20 se resolva nun sorteo público, que se celebrou o día 2 de maio de 2022, do que saíu a axuda número vinte e a solicitude que pasa a formar parte da lista de agarda para posibles substitucións.

A competencia para resolver estas axudas correspóndelles conxuntamente á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e á persoa titular da Presidencia da Axencia Galega de Innovación, de acordo co artigo 11 da convocatoria.

A publicación desta convocatoria é anterior a que o goberno entrase en funcións e a resolución entra dentro do despacho ordinario dos asuntos de ambas as dúas Consellerías xa que o artigo 14 da convocatoria establece que os contratos financiados teñen que comezar no mes de maio de 2022.



En consecuencia, de acordo co establecido no artigo 11 das bases da convocatoria e atendendo á proposta de concesión elevada polos órganos instrutores a partir do informe da comisión de selección, reunida o día 28 de abril de 2022, e o resultado do sorteo público celebrado o día 2 de maio de 2022, a través da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación,

RESOLVEMOS:

Primeiro. Conceder as axudas para completar a etapa de formación posdoutoral convocadas pola Orde do 31 de decembro de 2021 ás entidades que contraten as persoas seleccionadas que se relacionan no anexo I.

Segundo. Establecer unha lista de agarda, que se inclúe como anexo II, para determinar posibles substitucións, de acordo co sorteo público que se realizou o día 2 de maio de 2022. Nesta lista figura a solicitude que alcanzou a nota mínima indicada no artigo 10.2 pero que non resultou beneficiaria da axuda tras o citado sorteo.

Terceiro. Todas as solicitudes que figuran nos anexos I e II desta resolución cumpren os requisitos establecidos nas bases da convocatoria. Así mesmo, as solicitudes que non figuran relacionadas nos citados anexos entenderanse denegadas ou desestimadas.

Cuarto. A data de comezo dos contratos será o día 16 de maio de 2022.

Quinto. As axudas concedidas financiaranse con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 e anos sucesivos, de acordo coa seguinte distribución segundo a estrutura de pagamento recollida no artigo 15 das bases da convocatoria.

Universidades do SUG: 20 axudas

O importe das axudas das universidades do SUG imputarase ao Plan galego de financiamento universitario para o período 2022-2026

Aplicación orzamentaria	Universidade	Nº de axudas	Crédito (en euros)			
			2022	2023	2024	Total
10.20.561B.444.0	UDC	1	18.522,22	39.000,00	20.477,78	78.000,00
10.20.561B.744.0			7.000,00	10.000,00	8.000,00	25.000,00
			25.522,22	49.000,00	28.477,78	103.000,00
10.20.561B.444.0	USC	12	222.266,64	468.000,00	245.733,36	936.000,00
10.20.561B.744.0			84.000,00	120.000,00	96.000,00	300.000,00



Aplicación orzamentaria	Universidade	Nº de axudas	Crédito (en euros)			
			2022	2023	2024	Total
			306.266,64	588.000,00	341.733,36	1.236.000,00
10.20.561B.444.0	UVIGO	7	129.655,54	273.000,00	143.344,46	546.000,00
10.20.561B.744.0			49.000,00	70.000,00	56.000,00	175.000,00
			178.655,54	343.000,00	199.344,46	721.000,00
TOTAL SUG			510.444,40	980.000,00	569.555,60	2.060.000,00

Demais entidades: 4 axudas

Aplicación orzamentaria	Entidade	Nº de axudas	Crédito (en euros)			
			2022	2023	2024	Total
06.A2.561A.403.0 (2016 00004)	Misión Biolóxica de Galicia do CSIC	1	18.522,22	39.000,00	20.477,78	78.000,00
06.A2.561A.703.0 (2016 00004)			7.000,00	10.000,00	8.000,00	25.000,00
			25.522,22	49.000,00	28.477,78	103.000,00
06.A2.561A.481.0 (2016 00004)	Fundación Profesor Novoa Santos	1	18.522,22	39.000,00	20.477,78	78.000,00
06.A2.561A.781.0 (2016 00004)			7.000,00	10.000,00	8.000,00	25.000,00
			25.522,22	49.000,00	28.477,78	103.000,00
TOTAL OUTRAS ENTIDADES			51.044,44	98.000,00	56.955,56	206.000,00

Sexto. As entidades beneficiarias deberán remitir un escrito de aceptación da axuda á Secretaría Xeral de Universidades, no caso das universidades do SUG, ou á Axencia Galega de Innovación no caso das demais entidades indicadas no artigo 2 da convocatoria, no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución e vincularán as persoas seleccionadas aos seus organismos mediante a formalización do correspondente contrato.

Sétimo. O artigo 15 da orde de convocatoria establece que as entidades beneficiarias e contratantes das persoas seleccionadas serán as encargadas de presentar as xustificacións correspondentes adecuadas á normativa comunitaria e nacional de aplicación e serán as perceptoras dos fondos para o pagamento dos contratos.

Segundo o establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que se presentase esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá o beneficiario para que, no prazo improrrogable de dez días, a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da



subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Oitavo. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no caso de solicitudes pertencentes ao SUG, e ante a persoa titular da presidencia da Axencia Galega de Innovación nos restantes casos, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

O conselleiro de Cultura, Educación
e Universidade
P.D. (Orde do 9 de febreiro de 2021)
O secretario xeral técnico

O vicepresidente segundo e conselleiro de
Economía, Empresa e Innovación e presidente
da Axencia Galega de Innovación

Manuel Vila López

Francisco Conde López

INSÍRASE NO DOG

A secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

Beatriz Cuiña Barja



ANEXO I

Axudas concedidas

Universidade da Coruña

Nº exp.	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Rama de coñecemento	Nota
ED481D-2022-013	UDC	Moncunill	Solé	Blanca	Ciencias	89

Universidade de Santiago de Compostela

Nº exp.	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Rama de coñecemento	Nota
ED481D-2022-011	USC	Bermúdez	Beloso	Mariña	Artes e Humanidades	82
ED481D-2022-014	USC	de Azevedo	Gomes	Ana Manuela	Ciencias da Saúde	77
ED481D-2022-007	USC	Ferro	Costas	David	Ciencias	95,5
ED481D-2022-012	USC	García	Menéndez	Vanessa	Ciencias da Saúde	92
ED481D-2022-001	USC	García	Souto	Daniel	Ciencias da Saúde	82,5
ED481D-2022-010	USC	Maneiro	Rey	María	Ciencias	89
ED481D-2022-009	USC	Martínez	Ballesteros	Victor Hugo	Ciencias Sociais e Xurídicas	85
ED481D-2022-015	USC	Montero	Ferrer	Carmen	Ciencias Sociais e Xurídicas	80
ED481D-2022-008	USC	Negri		Manuel	Artes e Humanidades	88
ED481D-2022-004	USC	Salas	Sánchez	Aarón Ángel	Enxeñaría e Arquitectura	83
ED481D-2022-016	USC	Sampedro	Mella	María Carmen	Artes e Humanidades	88
ED481D-2022-024	USC	Souto	Pereira	Sandra	Ciencias da Saúde	93,66

Universidade de Vigo

Nº exp.	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Rama de coñecemento	Nota
ED481D-2022-018	UVigo	Flórez	Fernández	Noelia	Enxeñaría e Arquitectura	78,5
ED481D-2022-023	UVigo	Méndez	Quintas	Eduardo	Artes e Humanidades	87
ED481D-2022-006	UVigo	Pérez	Paz	Alicia	Ciencias	77
ED481D-2022-021	UVigo	Rodríguez	Flores	María Shantal	Ciencias	85
ED481D-2022-022	UVigo	Sánchez	Vázquez	Pablo Breogán	Enxeñaría e Arquitectura	75
ED481D-2022-003	UVigo	Soto	Oñate	David	Ciencias Sociais e Xurídicas	80
ED481D-2022-020	UVigo	Vázquez	Domínguez	Marta	Ciencias	77,68



Outras entidades

Nº exp.	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Rama de coñecemento	Nota
IN606C-2022/002	Fundación Profesor Novoa Santos	López	Díaz	María	Ciencias da Saúde	76,50
IN606C-2022/001	Misión Biolóxica de Galicia do CSIC	López	Villamor	Adrián	Ciencias	76,00

ANEXO II

Lista de agarda

Universidades do SUG

Orde	Nº exp.	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Rama de coñecemento	Nota
1.	ED481D-2022-002	USC	Benítez	Trinidad	Carlos	Artes e Humanidades	75,00

